



Poemas

Xavier Rodríguez Baixeras

G 869.14

ROD

Col·lecció Buena de Paper

57

Poemas

Xavier Rodríguez Larrea

1987

UNIVERSITAT DE LES ILLES BALEARS



5106353994

Col·lecció Poesia de Paper

57

Poemas

Xavier Rodríguez Baixeras

Palma, 1997

© del text: l'autor, 1997

© de l'edició: Caixa de Balears «Sa Nostra» i Universitat de les Illes Balears, 1997


Directors de la col·lecció: Francisco J. Díaz de Castro, Perfecto Cuadrado i Albert Ribas

Disseny: Jaume Falconer

Edició: Universitat de les Illes Balears. Servei de Publicacions i Intercanvi Científic. Campus universitari. Cra. de Valldemossa, km 7.5. 07071 Palma

Impressió: Taller Gràfic Ramon. Carrer de Jaume Balmes, 39 i 43. 07004 Palma

DL: PM/ 740-1997



MAL CHEGA A VOZ

Mal chega aquela voz por entre o incenso
remoto do que fun, ben pouco sinto
fumegar esa música, o extinto
corpo na néboa daquel mar imenso.

E aínda que unha voz, un vento denso,
achegan o perfume do xacinto,
dos magnolios, eu sei que era distinto
o mar, que foxe a mao. E mesmo penso

que xa nunca verei desatracar,
virar ata romper esa auga verde,
esperar o fervor, o barbullido.

A penas unhas praias a medrar
e un sabor de salitre que se perde
naquel sorber, no cabo consumido.

(De *Fentos no mar*, 1981)

UNHA CASA DO NORTE

Linda cos catro ventos e nun ano

remexen os seus pés algo de lama.
Nela debeu morar a branca dama,
ou mora aínda, para o noso dano.

Dun pozo ven a voz, fresca de engano,
a que, atrás nosa, docemente, chama,
e a néboa que nas roupas se derrama,
e a noite azul, por onde vai o abano...

Agora que, furtadas as maceiras,
Agosto ao lonxe case se destrinza,
alguén usurpa a polpa do desexo.

E, desfechando as fiestras soalleiras,
mira o monte a que ten cara de cinza,
veo albar, e por ollos un lampexo.

(De *Lembranza do areal*, 1985)

MÁGOA

Nada regresa daquel perfume de pinturas vaporosas
proéndonos os ollos
no cuarto dos avós. Un albor sucio
abría, dolorido, as nosas sombras
nas pálpebras inchadas, envesgadas de sono.

A terra morta de novembro
subíanos ao leito, chea de frío,
as árbores, queimadas de nordés,
só tiñan para darnos ouricelas,
cogumelos, algunhas, no sopé.
Vento teimoso, ao baixarmos, nos incendiaba de prata.

Había un can dormido
xunto aos últimos troviscos,
descansando logo de latir toda a noite
con estraña ansiedade,
o leite derramado no chao, o prato baleiro,
a herba do seu redor esgarabellada
con estraña ansiedade.

E logo, desde o monte, a onde subíramos
p'ra non ser como as lesmas,
entre o balbor que nos abouxaba
como balbor ningún temos ouvido xamais,
o gume dun mar lívido,
un horizonte pétreo, sen labios,
sen espumas, álxido.

E fomos atrás do mediodía
esquivando, sentíndonos medrar entre os espiños
e as silvas, brotar das augas interiores,
case cubertos polos fentos,
e viamos chegar outros países,
onde moraban outras aves
mais negras, crocitando.

Cabanas, boscos, matos.
Abrindo algún camiño
unha muller, ao lonxe, sobre un asno
berrándonos, deixando
unha esteira de risos por aquelas revoltas.

Estabamos perdidos: regresemos...

... Nada daqueles cadros sen cheiro, dos retratos
que dormen sós, e para sempre,

nada do albor, precipitado sobre a noite,
nada dos nosos peitos, a pesar das feridas, das tatuaxes
que outras caricias foron borrando,
nada da agre presenza dos animais, dos que as siluetas
e feitíos se foron disolvendo no seu pó,
nada da náusea con que nos postraron
os alentos clandestinos das flores mesquiñas
ou dos froitos resucitados, podres,
nada de, no recanto das pínegas, vernos chorar
por un vidro quebrado un regueiro de bágoas lodosas
que apagan a tarde...

ABRIREI O PORTÓN

Abrirei o portón da miña casa
para que entren esmoleiros,
leiteiras,
vendedores de mel.

E, como nun lagar, ese perfume
hei espremer, bagoando.

E fecharei.

ANIVERSARIOS

Hoxe, mal acordei, souben que a vida
é aquilo que perdín: adolescencia
que prosegue inflamada, a mesma ardencia
cercando a nosa boca dolorida.

Aspiro o teu veneno, renacida
primavera, manchada de inocencia,
e vou nas ás remotas, na indolencia
do outono submarino, sen saída.

Falido, como as brevas deste norte,
ninguén me apaña; o po vaimos cubrir;
talvez acabe aquí, contra este muro.

Agora sei cal foi a miña sorte:
que a vida ma prolonga un sangue escuro,
mais preto de virar e se esvaír.

Hoxe non acordei: soñei que viña
nunhas ás luminosas a memoria
do mar; e que esmagaba diante miña
o alacrán, aquel neno sen historia.

Ou que o via nun tren: que transitoria
era a súa presenza; que mesquiña

— na carruaxe da terra promisoría—
a albura do mencer, como unha espiña.

Hoxe non acordei: soñei que estaba
nas aulas luminosas dunha illa
e que era mocidade o que ensinaba.

E seguín a durmir na maravilla
de vela cintilar, mentres manaba
noite sen fin de ferruxenta billa.

SUMIDO NOS TEUS ANOS...

Sumido nos teus anos, na túa febre densa,
ouves chover ao lonxe, por onde dous rapaces,
loiros, esborrallados, camiñan na fervenza
do mar alto de inverno, contra espumas voraces.

Camiñan abrazados, perseguen os seus gritos.
Mais logo se separan. Porfían. Arremeten.
Ao se bater, desangran os boscos infinitos.
Ao se deixar, aplacan as sombras, e as someten.

A rúa está deserta; se cadra ha de chover
toda a noite. E o vento, doente como un can,
ouvea nunha torre sen reloxos, parada.

E un crepitar de pasos é alguén que pode ver
na fonda escuridade, e que con voz quebrada
achega o seu alento, a súa dor de irmán.

(De *Visitantes*, 1991)

ALGO...

Algo, que non é sombra, levo sempre detrás,
braceando comigo, lembrándome que vivo maniatado.
Maniatado de auga, ofuscado de sal,
embozado de espuma. Algo que non é sombra,
nin espectro: fatiga,
bronze que me erexín contra min mesmo,
fundido por amor. Tal vez sexa o final
do noso amor, o rastro que deixou
a miña cobardía: non abrir
as túas nádegas
naquela luz deserta, ao che pedir:
“fai como o merlo”. E cega, e solitaria,
esperando por min inutilmente,
pensándome detrás, e con dolor,
desterrada da luz, pechada para sempre.

Pero tes a vinganza da memoria, o rancor
do tempo florecido. E fasme recordar,
neste mar onde vivo maniatado,
lampexos do teu pranto e do teu corpo,
do amor que, silandeiro, che crecía en espera
de todo o que non foi o noso amor,
nin puiden logo abrir, bosco nocturno e cúpula.
Algo que non é sombra, senón máis ben despeito
na túa voz cansada, rosmándome: “son eu,
son eu agora aquí, detrás”.

CANDO, MOI DE VAGAR...

Cando, moi de vagar, me retiro de ti,
dese lugar visguento que acaso non existe,
un verme, escorregando, despréndese de min,
para caer na beira do que xa non existe.

Entón, noutro lugar que agachas entre as maos,
hai un repelo agre do teu corpo partindo,
e rózame o salouco que non podes frear
se non é co desexo de me sentir partindo.

E ao erguerme xa de todo para esquecer o pranto
deses labios acedos, para non verte máis,
a dor punxe nas costas dos meus mares exhaustos.
Ata saber que cesa, que non avanzo máis.

(De *Nadador*, 1995)

O DERRADEIRO REGRESO

Cando unhas maos de carne, de silencio ou de sombra
te recollan en vasos de arrefriadas cinzas
nas espigas da luz, nos buracos da noite
que te viron pasar, ourizada de sono,

será o teu vello cuspe, non barro, manancial,
pedrazo o teu alento, e non cavorco,
non frouma os teus cabelos, senón áspides,
rancor que aínda nos une.

Eu xa non vivirei nesta traseira,
rexión onde as gaivotas alunizan insomnes
e un oco me repite: cando unhas maos de carne...

Eu estarei na Beira, onda os que agardan
por un rego de asfalto,
erguendo o po da estrada cos seus ollos vacíos.

ABROTIA

Brotas no canle seco do torrente do leste,
na gorxa requeimada dun can que ladra ao sur,
nos castros profanados polo roncón do norte,
no poñente de tódolos puntos cardinais.

Brotas na nosa cinsa de cerebros gastados,
nos cadrís que nos prenden a esta néboa de atrás,
en calquera lugar, súbita inflorescencia,
espiga que madura de abaixo para arriba.

Máis pura que a terra formigueira que derraman
sobre a morte, que os ósos xa limpos e esnogados,
que o recordo aguzado por un fluir de lágrimas

serodias, que calquera das herbas esperadas.
Ti brotas de repente na mañá que se irisa,
daí o teu nome, abrotia, resplandor desta páxina.

(De *Beira Norte*, 1996)

OS DÍAS PESAN...

Os días pesan, pero o mar deslumbra.

Quero seguir aquí, contra as portas fechadas.

É hora de acordar, non de recoñecer.

Non entremos tan cedo no mercado da alba.

Non busquemos os tratos. Como un susto

de ave te arrepía. Non procures

a caravana que te leve,

nin o motor que te desate.

Sigue tamén aquí, vertendo dunhas pozas

que demoraron, todo

por decidir. Ti, a quen deslumbra un soño;

eu, sen diñeiro aínda.

Pois o día non sabe regresar

cabo de nós sen corromper espellos,

e crece ata esmagarnos

co seu torpe desdén.

A ÚNICA ROSA

Vostede non comprende que eu aínda a desexe,
que o seu afastamento me conceda soñala
despida en brazos de outro, para ser un herexe
na práctica do amor que, ao lonxe, nos iguala.

Vostede petiscou para o sagrado niño
do amor. E agora, irada, xa vive amargamente
esa espigada idade na que se envolve en viño
o fracaso da carne desgonzada da mente.

Ben sei como a desexo. Ben se que, traizoeiro
a tódalas posturas que un día me ofreceu,
non merece o sarcasmo da miña voz saudosa

con que apago a ilusión do seu ardor primeiro
e líquido a ocasión de atopala... Mais eu
deséxoa na distancia como única rosa.

FIGUEIRA DO DEMO

¿Será neste algareo

de aves a descomposición da primavera?

Todo o que bate en min, este soño que parte
deixando o seu sinal, como un acoro,
esta visión que queda latexando
de alguén que está a morder antes de tempo
a froita máis serodia, ¿que ha de ser
senón o corazón dos mortos prematuros
que amaron o que agora me arrebatan,
a despaciosa luz, o voo dos seus vestidos
luminosos, un mar que se desangra?

Chamo ao lugar do meu estrañamento:
todo está preparado para a néboa,
os animais derraman a súa branca espuma
por pradeiras azuis, as árbores supuran
a vellez dos seus troncos e un fedor
de algas infectadas sobe polo camiño
en procura dos tempos que xa dormen sen paz.

Todo escorrega cara ao mar e alí se derruba
en aludes que as chuvias socavaron
onde o xisto apodreceu. E quen sabe
ata onde se ha de enredar a edra
das visitas, que voces
han traer un amargor de cunetas, un po

de grava que se amachuca na face
dos últimos labregos, dos souts aviltados.

Chego ao lugar onde todos me esperan.
Miro para o xardín: entre as ortigas
un estramonio fin de século, ¿por qué?
¿que quererá de min? ¿de que semente
estouran os seus brazos? ¿que alto inferno lambeu
as follas resplendentes, para logo acender
campánulas moi brancas nos seus soños terríbeis
aos que os insectos se abandonan, cansos
de trafego e de luz,
asfixiados nos brandos estertores?

Malditos brazos:
o seu xesto de espanto e de rapina
corrompe a nosa carne,
enfeitízalle á noite
o seu abano azul,
sostén a espesa borra do crepúsculo.

Pero un neno, sorrindo, foise achegando alí.

AS POZAS AVOLTAS

Onte mirei o mar. Era moi tarde.

Viña coas ondas, fero, vingador.
Pisei, fugaz, por onde a beira arde.
Non había ninguén ao meu redor.

A luz embalsamaba aquel fragor
de algo avanzando cara a min, cobarde
nenos que aprende a se isolar, a pór
lindeiros ao nordés, diques á tarde,

desdén ao que nas pozas se demora
de universo, e vin que nesa hora
se avolvía o cristal estremecido.

Para logo escoitar a vida impura
das areas, a sombra e a tersura
da nova voz, aínda sen sentido.

A VOSA LUZ

Agora que, madura de promesas, a idade
se apiña con pesar no que dimana
dos vosos ollos xuvenís e apura
este paso abatido; cando xa nos meus soños
medra unha herba escura, moi alta, enguedellada,
que recoñezo porque nela xogo
no Campo de Ribadeo,
vestido de domingo, amidonado,
entre excrementos brancos de cans que se perseguen
á tardiña, mentres, de cando en vez,
a torre da parroquia dá unha hora
lánguida, que se prolonga no vento;
agora que, distante, un remoiño
de prospectos, unha voz que ven das barberías,
o alento agre dun portal,
chaman por min, que xa non vivo
senón pr'a os vosos ollos,
onde faísca este corpo apagado;
agora que me persegue un tropel
de anos, de máscaras que entón me perseguiron
e que són os meus rostros, xa borrados
nun mar que aínda hoxe me pregunta por eles;
agora que me sinto sobrar, iluminado
polos labios que din o voso nome,
e logo, a contraluz, enmudecer;
agora é cando debo maniatar o que fun,
restaurar as promesas, xa libre da esperanza

no que non ha de vir, e mentres haxa tempo
acreditar naquela xuventude,
ferver nos vossos ollos, tan certos como o mar.

NON COMPRENDES

Como esas augas sobrantes, que ninguén debe arredar
para si, e corren transparentes sen destino,
escapando da mirada que as quixera ter
nos seus bordes enteiros, antes de se esvaíren,

así estes versos foxen da claridade que ti amas
e procuran o abismo dos corpos disoltos e do
regreso imposíbel: o corazón do inverno,
onde o teu sopro levou a última palabra.

O coloquio dos nosos corpos despidos renxe
como o fungo que ambos pisamos estremecidos,
e quizais sexa aquilo que nunca escribirei
e que tan ben comprenden os teus ollos vacíos.

(Beira Norte, 1997)

L'autor ha llegit aquests poemes al Centre de Cultura «Sa Nostra»

el dia 12 de maig de 1997



-
26. JOSEP MARÍ. *Poemes*
 27. FRANCISCO J. DÍAZ DE CASTRO. *Noches de hotel*
 28. MIQUEL CARDELL. *Les terrasses d'Avalon*
 29. FELIPE BENÍTEZ REYES. *Poemas*
 30. BARTOMEU FIOI. *Canalla contra establishment*
 31. MARIÀ VILLANGÒMEZ. *Entre la mar i el vent*
 32. CÉSAR ANTONIO DE MOLINA. *Poemas*
 33. LUIS ALBERTO DE CUENCA. *Poemas*
 34. M. LÓPEZ CRESPI. *L'obscura ànsia del cor*
 35. SEBASTIÀ ALZAMORA. *Formes del cercle*
 36. ÀNGEL CAMPOS PÁMPANO. *Poemas*
 37. LUIS MUÑOZ. *Poemas*
 38. JUAN BARJA. *Las noches y los días*
 39. ANTONIO GAMONEDA. *Poemas*
 40. ÁLVARO SALVADOR. *Diez de últimas*
 41. ÀNGEL TERRON. *Al·lotropies*
 42. JAVIER JOVER. *Urano en la casa doce*
 43. RAMIRO FONTE. *Poemas*
 44. ÀNGEL GONZÁLEZ. *Poemas*
 45. JOAQUÍN BENITO DE LUCAS. *Poemas*
 46. DAMIÀ HUGUET. *Les flors de la claror*
 47. ENRIC SÒRIA. *Poemes*
 48. JOSÉ LUIS GARCÍA MARTÍN. *Cuaderno de Valldemossa*
 49. JORDI VIRALLONGA. *Con orden y concierto*
 50. DIEGO SABIOTE. *Las nubes eran blancas*
 51. JOSÉ ANTONIO MESA TORÉ. *Poemas de la bahía*
 52. JOSÉ CARLOS ROSALES. *Club náutico*
 53. FRANCISCO BRINES. *Selección de poemas*
 54. JEAN SERRA. *Poemes*
 55. VICENTE GALLEGRO. *Poemas*
 56. ÁNGELES MORA. *Canto de sirenas*



Universitat de les
Illes Balears

"SA
NOS
TRA"

Obra Social
i Cultural